

Adsumus, Sancte Spiritus

Estamos diante de ti, Espírito Santo,
reunidos no teu nome.

Ti que es o noso verdadeiro conselleiro:
ven onda nós, danos azos,
entra nos nosos corazóns.

Amósanos o camiño,
dinos o xeito de acadar a meta.

Non deixes que perdamos o rumbo
como persoas febles e pecadoras.

Non deixes que a ignorancia
nos leve por camiños falsos.

Concédenos o don do discernimento
para que non deixemos

que as nosas accións se guíen
por prexuízos e falsas consideracións.

Lévanos cara á unidade en ti,
para que non nos afastemos

do camiño da verdade e da xustiza,
senón que na nosa peregrinaxe terrea
nos esforzemos por acadar a vida eterna.

Todo isto che pedimos a ti,
que obras en todo tempo e lugar,
en comunión co Pai e mailo Fillo
por sempre eternamente. Amén.

Oración para o Sínodo

atribuída a Santo Isidoro de Sevilla (560-636)